

<p><b>POS+SOLICITUDE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Obrigatoria</li> <li>Anexos I- II (XI)</li> </ul>	<p>Deberán cubrirse obrigatoriamente os seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Anexo I:</b> Certificación do acordo plenario.</li> <li>- <b>Anexo II:</b> Memoria do Plan</li> </ul> <p>(Só se solicita préstamo provincial)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Anexo XI:</b> Informe sobre o nivel de endebedamento do concello</li> </ul>
<p><b>POS+PROVEDORES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Obrigatoria</li> <li>Anexo III</li> <li>Achega 2016 e 2017 (non préstamo)</li> </ul>	<p>O concello deberá presentar obrigatoriamente o seguinte documento cos datos das súas débedas con provedores nas condicións que se detallan na Base 2:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Anexo III:</b> Informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores</li> </ul> <p>(No suposto de que non houbera provedores con estas condicións, deberá igualmente presentarse este documento, consignando a cantidade de 0,00 € na columna da dereita da última táboa deste Anexo III "Resumo das débedas que se imputan aos capítulos II e VI do orzamento municipal")</p>
<p><b>POS+ GASTOCORRENTE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Opcional</li> <li>Anexo IV</li> <li>Achega 2017</li> </ul>	<p>No caso de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento do gasto corrente do concello previsto para o exercicio 2017, deberá cubrirse o seguinte documento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Anexo IV:</b> Informe sobre a previsión dos gastos correntes do concello para o exercicio 2017 asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios</li> </ul>
<p><b>POS+ OBRASSUM</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Opcional</li> <li>Proxecto e Anexos V-VI (VII-VIII)</li> <li>Achega 2016, 2017 e préstamo 2017</li> </ul>	<p>No caso de aplicar achega provincial 2017 ou préstamo provincial 2017, para o financiamento de investimentos, deberá realizarse unha entrada por cada investimento cos seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Proxecto</b> técnico da obra ou prego da subministración</li> <li>- <b>Anexo V:</b> Informe técnico sobre o investimento</li> <li>- <b>Anexo VI:</b> Informe técnico–xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos</li> </ul> <p>No suposto de aplicar achega provincial 2016 para o financiamento de investimentos, terán que ser investimentos financeiramente sostibles e para cada un deles deberán cubrirse ademais os seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Anexo VII:</b> Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible</li> <li>- <b>Anexo VIII:</b> Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención</li> </ul>
<p><b>POS+HONORARIOS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Opcional</li> <li>Anexo IX</li> <li>Achega 2017</li> </ul>	<p>No caso de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento de honorarios de redacción de proxectos, deberá cubrirse o seguinte documento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Anexo IX:</b> Informe da Secretaría sobre contratos adjudicados para a redacción de proxectos para cuxos honorarios se solicita financiamento</li> </ul>
<p><b>POS+ACHEGAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Opcional</li> <li>Anexos X (VII-VIII)</li> <li>Achega 2016 e 2017</li> </ul>	<p>No caso de aplicar achega provincial 2017 para o financiamento de achegas municipais a outros plans, programas ou convenios, deberá cubrirse o seguinte documento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Anexo X:</b> Datos de achegas municipais a outros plans, programas ou convenios</li> </ul> <p>No suposto de aplicar achega provincial 2016, terán que ser para investimentos financeiramente sostibles e para cada un deles deberán cubrirse ademais, os seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Anexo VII:</b> Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible</li> <li>- <b>Anexo VIII:</b> Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención</li> </ul>
<p><b>POS+AMORTIZACIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Opcional</li> <li>Anexo XII</li> <li>Préstamo 2017</li> </ul>	<p>No caso de aplicar préstamo provincial 2017 para reducir débeda do concello con entidades financeiras, deberá cubrirse o seguinte documento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Anexo XII:</b> Datos da débeda con entidades financeiras a reducir con cargo ao préstamo provincial 2017</li> </ul>
<p><b>POS+COMPLEMENTARIO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Obrigatoria</li> <li>Proxecto e Anexos V-VI-VII-VIII</li> </ul>	<p>O concello deberá obrigatoriamente solicitar no Plan Complementario investimentos financeiramente sostibles por un importe total mínimo do 20% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada, para o que deberán cubrirse os seguintes documentos realizando unha entrada por cada unha dos investimentos financeiramente sostibles:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Proxecto</b> técnico da obra ou prego da subministración financeiramente sostible</li> <li>- <b>Anexo V:</b> Informe técnico do investimento financeiramente sostible</li> <li>- <b>Anexo VI:</b> Informe técnico–xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos</li> <li>- <b>Anexo VII:</b> Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible</li> <li>- <b>Anexo VIII:</b> Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención</li> </ul>

Non se teñen que cubrir necesariamente as 8 convocatorias, senón só as que son obrigatorias (POS+SOLICITUDE, POS+PROVEDORES e POS+COMPLEMENTARIO) e as demais que opcionalmente decida solicitar o concello.